



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN EXECUTIVA DO CONSELLO SOCIAL  
DO 16.10.2025**

**LUGAR:** Sala II do edificio Miralles do campus de Vigo

**DATA:** 16.10.2025

**HORA DE COMEZO:** 12:00 h.

**HORA DE REMATE:** 13:15 h.

**LISTA DE ASISTENTES**

Pedrosa Silva, Ernesto (presidente)

Reigosa Roger, Manuel Joaquín (reitor)

Calviño Rodríguez, Xulio

García Míguez, María de los Ángeles

Larriba Leira, María Elvira

Muleiro García, Avelino

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)

**DESCULPAN ASISTENCIA**

Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo



O xoves día 16 de outubro de 2025, ás 12:00 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión Executiva do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19.06.2025).
2. Informe do presidente.
3. Presentación dos resultados do último estudo de inserción laboral feito polo Observatorio das persoas tituladas en estudos oficiais da Universidade de Vigo 1990-2024.
4. Calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións da Universidade de Vigo para o curso 2027/2028.
5. Informe que proceda sobre o cambio de nome do Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais (IFCAE). Consello de Goberno do 10 de outubro de 2025.
6. Aprobación definitiva das Bolsas-colaboración concedidas polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes á Universidade de Vigo para o curso 2025/2026.
7. Informe que proceda sobre a creación do Instituto de Investigación en Ciencias do Deporte (INCIDE). Consello de Goberno do 30 de xullo de 2025.
8. Designación dun novo membro da Comisión Executiva do Consello Social.
9. Designación dun novo membro da Comisión Económica do Consello Social.
10. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para a organización do seminario "Xeotermia. Casos prácticos".
11. Acordo que proceda sobre a petición de axuda para desenvolver unha xornada de formación destinada a alumnado das facultades de Filoloxía e Tradución e de Ciencias Xurídicas e do Traballo.
12. Rogos e preguntas.

---

*Agradece o presidente a asistencia dos presentes, especialmente a Luis Espada e Víctor Cacharrón, que asisten para informar do estudo enunciado no punto 3.*

#### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19.06.2025).*

- ***Apróbase por asentimento.***

#### **PUNTO 2**

*Informe do presidente.*

Ernesto Pedrosa pide que consten en acta as condolencias polo pasamento de Marisol Nóvoa, que foi membro desta comisión, e da que destaca a súa "fonda implicación e compromiso co Consello Social". Remata o seu recordatorio cunha sentida afirmación: "botarémola de menos".

#### **PUNTO 3**

*Presentación dos resultados do último estudo de inserción laboral feito polo Observatorio das persoas tituladas en estudos oficiais da Universidade de Vigo 1990-2024.*

Introduce a presentación Luis Espada, para sinalar os fitos do Observatorio dende a súa creación (que se remonta a 2013), a traxectoria que ven mantendo non exenta de dificultades, e os riscos que afronta para manterse visible. Subliña tamén a esixencia e a profundidade do traballo feito, o valor dos datos recollidos en centos de indicadores e a utilidade das conclusións.



O director do traballo, Víctor M. Martínez Cacharrón, enumera as principais liñas e resume os resultados dun macroestudo único nas universidades públicas, que referencia os case 120.000 estudantes graduados na UVigo entre 1990 e 2024, e que debulla de xeito pormenorizado a empregabilidade dos egresados en todas as promocións académicas (35) dunha universidade.

O estudo consta dun documento final bilingüe castelán-galego, de 675 páxinas, nas que se analizan os resultados da enquisa na que participaron máis de 3.000 persoas, complementada con máis de 600 gráficas, táboas e mapas. Tamén comprende un resumo executivo de 57 páxinas, e un sistema de visualización gráfica de resultados integrado en ámbolos dous documentos.

Ao abordar os datos máis salientables dos indicadores de inserción laboral, o profesor Cacharrón cita, entre outros, que a cantidade de mulleres tituladas neste período representou o 59,6%, fronte ao 40,4% de homes. Os titulados procedentes de Galicia foron maioría (96,2%), en cabeza Pontevedra (63,1%) e Ourense (19,9%). A maior parte dos egresados residen en Galicia (78,4%), noutras autonomías o 13%, e o 8,6% viven no resto do mundo.

Outros aspectos relevantes sobre a inserción laboral revelan que o desemprego afecta ao 3,8% das persoas tituladas, que un 74% traballa en Galicia e que o 75% traballa en algo relacionado cos estudos que cursou na UVigo. A extensa presentación remata cos indicadores de satisfacción cos estudos realizados que amosan en xeral altas puntuacións.

O presidente agradece o traballo e a exposición, que recibe parabéns dos asistentes.

#### **PUNTO 4**

*Calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións da Universidade de Vigo para o curso 2027/2028.*

Informa o secretario de que se trata de coñecer o procedemento, os responsables en cada fase e as datas, que rematan co informe que deberá emitir o Consello Social antes do 29 de maio de 2026.

- ***A comisión dáse por informada.***

#### **PUNTO 5**

*Informe que proceda sobre o cambio de nome do Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais (IFCAE). Consello de Goberno do 10 de outubro de 2025.*

O presidente retira este punto xa que na xuntanza do Consello de Goberno do pasado 10 de outubro acordouse adialo para unha próxima sesión, non dando tempo a excluílo da orde do día da Executiva.

#### **PUNTO 6**

*Aprobación definitiva das Bolsas-colaboración concedidas polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes á Universidade de Vigo para o curso 2025/2026.*

Explica o secretario que nesta segunda fase presentáronse 24 solicitudes de 15 departamentos para seis vacantes. A maiores dos criterios establecidos, nesta convocatoria -respecto da de xuño- adquiren unha especial relevancia as puntuacións do alumnado. Aclara tamén que a distribución destas bolsas que se asignan formalmente foi xa comunicada ao Servizo correspondente en uso da delegación feita no presidente, para salvar os prazos improrrogables que establece o Ministerio, incompatibles con frecuencia coas convocatorias do Consello Social, pola súa brevidade.

- ***Apróbanse por asentimento.***

#### **PUNTO 7**

*Informe que proceda sobre a creación do Instituto de Investigación en Ciencias do Deporte (INCIDE). Consello de Goberno do 30 de xullo de 2025.*

Dende o Consello de Goberno comunícase a creación do Instituto de investigación en Ciencias do Deporte, en Pontevedra, para desenvolver o coñecemento científico nos ámbitos do exercicio físico, a saúde, o rendemento deportivo e a educación física. Convértese no primeiro instituto de investigación do Campus de Pontevedra, e o quinto da UVigo.

- ***Infórmase favorablemente.***



### **PUNTO 8**

*Designación dun novo membro da Comisión Executiva do Consello Social.*

O presidente propón a designación de Avelino Muleiro García como novo membro da Comisión Executiva, para cubrir a ausencia de María Sol Novoa Rodríguez, dando conta da aceptación do proposto.

- ***Apróbase por asentimento.***

### **PUNTO 9**

*Designación dun novo membro da Comisión Económica do Consello Social.*

O presidente propón a designación de David Martínez Alonso como novo membro da Comisión Económica do Consello Social, para completar o número de integrantes.

- ***Apróbase por asentimento.***

### **PUNTO 10**

*Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para a organización do seminario "Xeotermia. Casos prácticos".*

Propónse a concesión dunha axuda de 1.550 euros para o desenvolvemento do seminario "Xeotermia. Casos prácticos", na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, cunha duración de dúas xornadas. Está dirixido ao aprendizaxe e coñecemento en torno ás enerxías renovables, empresas, profesionais, estudantado, profesorado da UVigo e público en xeral interesado na temática.

- ***Apróbase por asentimento.***

### **PUNTO 11**

*Acordo que proceda sobre a petición de axuda para desenvolver unha xornada de formación destinada a alumnado das facultades de Filoloxía e Tradución e de Ciencias Xurídicas e do Traballo.*

Para desenvolver sinerxías, as facultades de Filoloxía e Tradución e de Ciencias Xurídicas e do Traballo, organizan unha Xornada de "Linguas, tradución e cousas xurídicas", dunha banda para coñecer o mundo dos intérpretes xurados e tradutores xurados, e doutra, para entender os dereitos lingüísticos das persoas implicadas en procesos xudiciais, dirixida ao alumnado e público en xeral. A proposta do presidente,

- ***Acórdase unha aportación de 600 €.***

### **PUNTO 12**

*Rogos e preguntas.*

O reitor responde a unha pregunta de Xulio Calviño para informar que a UVigo non mantén actualmente ningunha relación con universidades de Israel.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:15 horas do 16 de outubro de 2025, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente da Comisión Executiva,  
Ernesto Pedrosa Silva  
(Asinado na data da sinatura dixital)

O secretario,  
Ignacio Rodríguez Iglesias  
(Asinado na data da sinatura dixital)